

VENRES 14 XUÑO

Premios na praza Roxa

De 17.00 h a 19.30 h

Ruleta de Agasallos

Mercar en Santiago ten premio. Achégate cun ticket do comercio local, dunha compra realizada do 10 ao 15 de xuño, e fai xirar a ruleta de agasallos #EuMercoAquí. **Compra mínima: 5 €.**

Festa infantil na praza Roxa

De 17.00 h a 19.30 h

Prima Pequena

Festa infantil con **maxia** e **música**. Protagonizada por Mamá Cabra, Joshua Kenneth e Pakolas.

Pasarrúas pola Zona Vella

18.00 h

Tanto Nos Ten

Banda galega con máis de 15 anos de traxectoria, con mestría nas voces e os instrumentos tradicionais. **Itinerario:** Cervantes, Preguntoiro, Caldereira, Orfas, Toural, Rúa Nova.

Pasarrúas por Conxo e Pontepediña

18.00 h

Dulpiño Viascón

Show musical itinerante "**A Trikidisco**". Con ritmos de muiñeira africanos, ska e chachachá. A alegría e o baile están asegurados.

Pasarrúas por Concheiros e San Pedro

18.00 h

Troula Animación

"**O estrano caso do dentista da Rúa Blasov**" é a historia do doutor Krakmhu Elah, un dentista do Leste que percorre vilas coa súa consulta ambulante. O seu pasado oculto revelarase con xiros, maxia, clown e interacción co público.

* En caso de choiva, as actividades da praza de Feixóo trasladaranse á praza de Mazarelos.

SÁBADO 15 XUÑO

Ourivería na praza de Cervantes

De 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h

Exhibición de Ourivería

Mestres artesáns de **Ourives de Compostela** farán un obradoiro de exhibición da talla de acibeche.

Premios na praza do Toural

De 11.30 h a 14.00 h

Ruleta de Agasallos

Mercar en Santiago ten premio. Achégate cun ticket do comercio local, dunha compra realizada do 10 ao 15 de xuño, e fai xirar a ruleta de agasallos. **Compra mínima: 5 €.**

Espectáculo na praza Roxa

12.00 h

Trío Detrés

Música e gags cómicos en "+Ritmo" un espectáculo para todos os públicos, con temas propios e versións.

Pasarrúas circense pola Zona Vella

12.00 h

Tótem

Pasarrúas circense a trío con **acrobacias** e **malabares** cun carro de música moi animado.

Itinerario: Cervantes, Preguntoiro, Caldeirería, Orfas, Rúa Nova, Rúa do Vilar, Toural.

Pasarrúas musical polo Ensanche

18.30 h

Dixie Kings

Banda cun repertorio da época dourada do **jazz** que vos transportará ás rúas de Nova Orleáns dos anos 20.

Itinerario: Carreira do Conde, Xeneral Pardiñas, Alfredo Brañas, Montero Ríos, praza Roxa, Casas de Ramírez.

Concerto na praza de Feixóo

13.00 h

Ukestra do Medio

Grupo de ukuleles nacido en Compostela en 2013 que fusiona estilos como **rock'n'roll**, country, swing e pop.

Concerto na praza de Feixóo

20.00 h

Anxo Araújo

Pop melódico con sintetizadores e ventos. O seu directo é vibrante e atmosférico, con influencias de folk.